




Prisca Lispector

FELICIDADE
CLANDESTINA



Clarice Lispector (1920-1977) foi unha escritora e xornalista nada en Ucraína e naturalizada brasileira . Autora de novelas, contos e ensaios, é considerada unha das máis importantes do século XX en Brasil e a maior escritora xudía desde Franz Kafka. A súa obra está repleta de escenas cotiás simples e tramas psicolóxicas. Nunha oportunidade confesou que escribir para ela *“é unha maldición porque obriga e arrastra como un vicio penoso do cal é case imposible librarse, pois nada o substitúe. E é unha salvación. Salva a alma presa, salva á persoa que se sente inútil, salva o día que se vive e que nunca se entende a menos que se escriba”*.

FELICIDADE CLANDESTINA

Ela era gorda, baixa, apencada e de cabelos excessivamente crechos, medio arroibados. Tiña un busto enorme, mentres que todas nós eramos aínda planas. Por se fose pouco, enchía de caramelos os dous petos da blusa, por riba do busto. Mais posuía o que calquera nena devoradora de historias devecería por ter: un pai dono dunha librería.

Non o aproveitaba moito. E nós menos aínda: até para os aniversarios, en vez de cando menos un libriño barato, ela entregábanos en man unha tarxeta postal da tenda do pai. Aínda por riba era unha paisaxe do mesmo Recife, onde viviamos, coas súas pontes xa máis que vistas. De trás escribía cunha letra adobiadísima palabras como “data do natalicio” e “saudade”.

Mais, qué talento tiña para a crueldade. Mentres chuchaba caramelos con moito barullo, ela era toda pura vingando.

za. Como nos debía de odiar esa nena, a nós que eramos imperdoablemente bonitas, lanzais, altiñas, de cabelos libres. Comigo exerceu o seu sadismo con calma ferocidade. Na miña ansia de ler, eu nin notaba as humillacións ás que ela me sometía: eu seguía a lle implorar que me prestase os libros que ela non lía.

Até que viu o gran día de comezar a exercer sobre min unha tortura chinesa. Como por casualidade, informoume que posuía *As Trasnadas de Nariciño* de Monteiro Lobato.

Era un libro gordo, meu Deus, era un libro para ficar vivindo nel, coméndoo, durmíndoo. E completamente por riba das miñas posibilidades. Díxome que pasase pola súa casa ao día seguinte, que ela mo emprestaría.

Até o día seguinte eu me transformei na propia esperanza da alegría: eu non vivía, eu nadaba devagar nun mar suave, as ondas me levaban e me traían.

Ao día seguinte fun á súa casa, literalmente correndo. Ela non vivía nun piso, coma min, senón nunha casa. Non me convidou a pasar. Mirándome ben aos ollos, díxome que lle emprestara o libro a outra nena, e que voltase ao día seguinte para buscalo. Boquiaberta, saín paseniño mais axiña a esperanza de novo me tomaba toda e eu volvía a andar brincando, que era o meu xeito estraño de andar polas rúas de Recife. Desa vez non caín: guiábame a promesa do libro, o día seguinte viría, os días seguintes serían logo a miña vida enteira, esperábame o amor polo

mundo, andei brincando polas rúas coma sempre e non caín nin unha soa vez.

Pero a cousa non quedou aí. O plan secreto da filla do dono da librería era tranquilo e diabólico. Ao día seguinte alá estaba eu á porta da súa casa, cun sorriso e o corazón batendo. Para oír a calma resposta: o libro aínda non estaba no seu poder, que volveuse ao día seguinte. Mal sabía eu que máis tarde, no decorrer da vida, o drama do día seguinte con ela íase repetir co meu corazón batendo.

E así continuou. Canto tempo? Non sei. Ela sabía que, mentres o fel non escorregase todo do seu corpo groso, era por tempo indefinido. Eu xa comezara a sospeitar que ela me escollera para eu sufrir, sospéitoo ás veces. Mais, mesmo sospelitándoo, ás veces o acepto: como se quen quixer facerme sufrir precisase desesperadamente que eu sufra.

Canto tempo? Eu ía a cotío á súa casa, sen faltar un día sequera. Ás veces ela dicía: pois o libro estivo comigo onte á tarde, pero como non viñeches ata esta mañá xa llo prestei a outra nena. E eu, que non era propensa ás olleiras, sentía as olleiras cavarse baixo os meus ollos abraia-dos.

Ata que un día, cando eu estaba á porta da casa escoitando humilde e silenciosa a súa negativa, apareceu a nai dela. Debía de estar estrañada pola aparición muda e coitiá daquela cativa á porta da súa casa. Pediunos explica-

cións ás dúas. Houbo unha confusión silenciosa, entrecortada de palabras pouco esclarecedoras. A señora atopaba cada vez máis raro o feito de non entender nada. Ata que esa boa nai comprendeu por fin. Volveuse para a filla e con enorme sorpresa exclamou: «Pero se ese libro nunca saíu desta casa e ti nin sequera quixeches lelo!»

E o peor para esa muller non era a descuberta do que acontecía. Debía de ser a descuberta horrorizada da filla que tiña. Ela escrutábanos en silencio: a potencia de perversidade da súa filla descoñecida, a nena loura de pé na porta, exhausta, ao vento das rúas de Recife. Daquela, recobrándose ao fin, calma e serena ordenoulle á filla: «Ti vas emprestar ese libro agora mesmo». E a min: «E ti vas ficar co libro polo tempo que quixeres»

Entendedes? Iso valía máis que que me tivese dado o libro: « polo tempo que eu quixese» é todo canto unha persoa, grande ou pequena, pode ter a ousadía de querer.

Como contar o que pasou logo? Eu estaba apampada, e así recibín o libro na man. Creo que non dixen nada. Collín o libro. Non, non marchei brincando coma sempre. Saín andando ben a modo. Sei que termaba do libro gordo coas dúas mans, apertándoo contra o peito. Pouco importa canto me levou chegar a casa. O meu peito estaba quente, o meu corazón, pensativo.

Unha vez en casa, non comecei a ler. Finxía que non o tiña, só para despois ter o sobresalto de o ter. Horas des-

pois abrino, lin algunhas liñas maravilosas, pecheino de novo, fun pasear pola casa, aínda adieino máis indo comer pan con manteiga, finxín que non sabía onde gardara o libro, atopábao, abríao por uns instantes. Creaba as dificultades máis falsas para aquela cousa clandestina que era a felicidade. A felicidade sempre habería ser clandestina para min. Parece que eu xa o presentía. Como demorei! Eu vivía no ar... había orgullo e pudor en min. Eu era unha raíña delicada.

Ás veces sentaba na hamaca bambeándome co libro aberto no colo, sen tocalo, en éxtase purísima.

Xa non era unha nena cun libro: era unha muller co seu amante.

Clarice Lispector

Trad. de Estíbaliz Espinosa

Hora de ler



Hora de ler